

FUNDAMENTOS ARTÍSTICOS

Orientacións para a realización da ABAU 2024.

A análise do deseño curricular da materia e da súa situación dentro da modalidade de Artes en bacharelato fai que o Grupo de Traballo considere necesaria aclarar unha serie de cuestións sobre a proposta de exame e os contidos básicos.

Ademais, tendo en conta que a proba vai sufrir unha reforma o próximo ano, intentamos, na medida do posible, limitar as modificacións, quedando a expensas de novas directrices.

Os Contidos Básicos que publicamos, polo tanto, deben considerarse só relacionados con este curso 2023/24.

Esta materia garda unha grande similitude ca de Fundamentos da Arte II, polo que intentouse alterar o menos posible os seus contidos e o sistema de análise que se propuxeran na anterior materia de Fundamentos, sen abandonar o obxectivo de que o alumnado poida seguir estudando a arte como unha rede de relacións que os artistas constrúen ao longo do tempo.

O Grupo de Traballo de Fundamentos Artísticos propón uns Contidos Básicos que inclúen unha serie de artistas que poderán ser obxecto de análise na proba ABAU. Esta proposta de imaxes de obras constituirá a base para que o alumno reflexione sobre a arte, tratando de comprender os estilos, as influencias e repercusións, para acadar unha visión ampla do mundo artístico.

O Bloque 1 irase introducindo durante o desenvolvemento dos demais bloques transversalmente.

O Bloque 9 pódese traballar de xeito práctico na aula.

No que respecta ao resto de bloques, introducíronse os movementos artísticos máis relevantes, incluíndo os artistas que serven de referencia segundo aparecen nos Contidos Básicos.

Con todo isto preténdese que o alumno coñeza a arte a través dos artistas e que se considere a obra artística como principal obxecto de estudo, constituíndo un medio de comprensión.

A proba inclúe imaxes de referencia e a partir delas xorden unha serie de preguntas do seguinte xeito:

- Preguntas de desenvolvemento, similares ás formuladas no anterior exame de Fundamentos da Arte II.

Pídeselle ao alumno que faga unha reflexión persoal sobre o traballo proposto.

- Preguntas sobre cuestións xerais da arte e dos estilos artísticos relacionadas nos Contidos Básicos propostos.

- Unha pregunta na que o alumno debe explicar brevemente (cunha extensión máxima aproximada de 180 palabras) un tema concreto.

Calquera dúbida pode dirixirse a aliste@uvigo.gal

Santiago de Compostela, 1 de novembro 2023

Araceli M. Liste Fernández
(Directora do Grupo de Traballo)